

xuño - setembro 2'17

# Encruzilhadas

JAVIER BLANCO SIERRA  
+ MONICA OLIVEIRA



[PÁXINA ANTERIOR, DE ESQUERDA A DEREITA  
E DE ARRIBA A ABAIXO]

***Tanto para te dizer...***, 2015

Ferro pintado, madeira  
40 x 52 x 2 cm

***Confissões***, 2016

Ferro pintado, madeira  
40 x 52 x 2 cm

***Nada para dizer***, 2015

Ferro pintado, madeira  
40 x 52 x 2 cm

JAVIER BLANCO  
SIERRA

Comisario da exposición

# Encruzilhadas

**CRUZAMENTOS (IM)  
PROVÁVEIS.  
MÓNICA OLIVEIRA**

## E A ESTÉTICA DA IDENTIDADE


«No xogo do espello, a subxectividade emerxe de fabricar ficcións a expensas do repertorio estereotipado das ficcións que son a cultura mesma».

J. Lacan

A portuguesa Mónica Oliveira (1971) é unha autora cunha sólida formación: posdoutoramento en Educación Artística na Universidade do Porto (2015);

doutorada en Belas Artes na Universidade de Salamanca (2000); licenciada en Artes Plásticas-Escultura pola FBAUP (1994). Dende nova sentiu un vivo interese pola arte en xeral e, en particular, pola escultura. Actualmente compaxina o seu traballo de produción artística co de profesora de formación visual na Escola Superior de Educación de Paula Frassinetti de Porto.

Percibimos na súa obra claras veciñanzas estéticas, formais e de técnicas empregadas na manufactura, coas obras da



contemporaneidade escultórica portuguesa. Antóllasenos emparentala con autores da vangarda portuguesa, como por exemplo os artistas Pedro Cabrita Reis. Véñenme á memoria algunhas das súas pezas nas súas exposicións, como a que este autor tiña no chan do centro da sala na exposición *En la piel de toro* de 1997 no Museo Reina Sofía, onde o artista falaba da construción de artefactos ou obxectos cunha linguaxe metafórica..., ou as presentadas no Museu Berardo en 2011. Outro dos artistas é Rui Chafes, ao que asociamos con pezas de pegada obxectual e de factura estética que nos evocan as obras da nosa autora, pezas como *Uma floresta dentro da catedral* (1999) ou *Menos arte* (2005), entre outras. Pero mesmo poderíamos

entroncala con escultores da contemporaneidade galega que tamén se caracterizan por unha tipoloxía formal de obras de marcado carácter obxectual. Énos fácil reparar en escultores como Moncho Amigo, con pezas como *Diapasón*, colocada na ría de Ferrol, ou a tan coñecida *Buguina*, peza de 1994 colocada en Punta Herminia na Coruña, ou tamén co mesmo tipo de obxecto alegórico, como a peza do ano 2000 que titula *Gaiola*. Tamén podemos mencionar o artista Xavier Riomao, con pezas de marcado formato obxectual, como as intituladas *The bear-hug cities* (1996) ou *Debuxos* (2004), ou a Suso Basterrechea, con obras como *Casa Nido* (2000).

Entendemos que, para achegarnos á obra de Mónica Oliveira, podíamos falar

doutros autores do ámbito internacional que tamén realizan obras con este tipo de linguaxes (sen estendernos e por só citar un, nomearemos o sueco Claes Oldenburg, pioneiro coas súas representacións de obxectos cotiáns en espazos públicos). Isto indicanos que podemos afirmar que a nosa artista está, sen dúbida, aloxada na vangarda da moderna escultura contemporánea actual.

Se nas súas obras Marcel Duchamp utilizaba obxectos de uso cotián e os descontextualizaba para redecodificalos como obra artística, propoñéndonos unha linguaxe nova na que este carácter cotián posúe a propiedade de relacionar a arte e a vida rutineira, ao longo da segunda metade do século XX vaise producir un fenómeno sorprendente, por non

esperado: os artistas non utilizan obxectos encontrados, de uso frecuente pola poboación, aqueles *ready-made* tirados do seu contexto orixinal e da función para a que foron fabricados, senón que producen obxectos que imitan ou mesmo son réplicas dos funcionais, pero mudando o uso ou o formato, de tal maneira que non os podemos ler como tales. Algúns deles constrúenos a escala monumental, converténdoos en transcendentais, en monumentos (Rosalind Krauss, *La escultura en el campo expandido*, 1979). Se cadra isto lembra o artista anteriormente citado, Claes Oldenburg, cos seus picos, serras, a peza dos xardíns do Museo Serralves de Porto etc.

Tal vez isto se debese ao momento de bombardeo publicitario da época: o consumo

crecente de imaxes que se apropiaban cada vez máis da cidadanía, que contaminaban de cor e volume as rúas, a televisión... Pero non só foi na escultura onde apareceron estes formatos; todos os movementos americanos utilizan grandes formatos, dende os impresionistas abstractos ao *pop art*. Moitos dos artistas destes últimos movementos procedían do eido publicitario. É máis tarde cando aparecen obxectos escultóricos con outro tipo de formatos e prácticas artísticas, moitos deles obrigados polo espazo expositivo e, sobre todo, polo concepto da obra: a idea é máis importante e máis aberta ca o aspecto formal. «A escultura traballa agora como unha disciplina que se librou do pedestal e que se desprega no espazo, perdendo

o seu centro e incorporando o espectador, primeiro, pero tamén o mundo, na conformación da experiencia estética» [Javier Maderuelo]. É neste último tramo onde situamos a obra de Mónica Oliveira.

A vangarda histórica, polo menos dende principios do século XX, tratou de depurar e mostrar a dimensión factual, material, non ficcional da arte. Neste contexto, o espectador faise visíbel, prodúcese un proceso onde a obra é receptiva da parte creativa do observador, o cal se mergulla no mundo do obxecto contemplándoo cunha mirada creadora. Inmediatamente, esta revélase como algo para ser desentrañado, experimentado de maneira emocional; establécese un diálogo que constrúe un resultado que

reinterpreta, constrúe e redescobre a peza.

Mónica Oliveira, nesta primeira exposición individual fóra do seu país, presenta unha serie de esculturas que titulou *Cruzamentos [im]prováveis*. Non quere espátulas ou cinceis, prefere as ferramentas industriais como as radiais, as soldaduras e o láser para producir, unir e cortar as partes das súas pezas. No referente ao material das obras, a artista incide na súa escolla do ferro cunha pátina monocroma.

Involucra o espectador, converténdoo nun creador, activando o seu imaxinario, reconstruíndo o seu universo simbólico e conmovendo o existente do seu desexo; convérteo en creador, pero non da obra senón da súa experiencia:

«Todo ser humano é un artista» [Josep Beuys, 1972].

Recíbenos cunha peza titulada *encruzilhadas*, na que Mónica Oliveira nos revela as súas formulacións estéticas, os seus universos temáticos e formais. A forma como elemento expresivo, co seu propio sentido e enunciado, introducindo o concepto dunha escultura significativa, onde todo importa, onde a obra fai que nos esquezamos da realidade cotiá para mergullarnos no labirinto da nosa propia experiencia estética. Unha casa dentro dun espazo-gaiola, un símbolo dentro doutro símbolo, metáfora do espazo aberto/baleiro, facer visíbel o que é só concepto, a contraposición de formas, o sólido e o oco, formas abertas que reclúen formas pechadas. Todo isto dentro dunha

orde formal exquisitamente simétrica, a forma como soporte da estrutura da disposición das partes, a forma como aparencia como xeradora de novas linguaxes.

Estamos a falar dunha serie de obras cun formato similar, como *Liberdade condicionada*, *Cruzamentos [im] prováveis*, *Espaço reservado* etc. En total son seis pezas cunhas similitudes estéticas e formais, todas elas co sinal común do espazo excluído, do espazo pechado, que nós observamos con esa carga emotiva e ese desacougo que ao ser humano lle produce o impedimento da non liberdade, da gaiola. Obríganos á reflexión, a non esquecer...

A visión que ofrece Mónica Oliveira sobre o proxecto que trae á Sala Alterarte é a do

tratamento da escultura como comunicación, como linguaxe dende o punto de vista semiótico, potenciando a interacción entre autor-obra-espectador, interesándose por temas como a casa, cos significantes asociados a ela -intimidade, protección, acubillo, futuro, familia, cepa, obra...-, introducindo todos estes cosmos nun espazo-gaiola, illamento, cárcere, peche, reclusión... Como espectadores, identificamos esta metáfora da vida privada secuestrada. Quizais a verdadeira linguaxe destas obras está non na súa forma, no seu espazo, na súa estrutura, senón no que ocultan, no equilibrio da metamorfose do obxecto artístico.

Talvez esteamos ante unha representación de acontecementos da realidade contemporánea.

*Cruzamentos [im] prováveis* móstranos a maiores outras pezas iconográficas e de formato moi diferente ás anteriormente citadas, as organizadas como espazo-gaiola. Estamos a falar de sete obras en forma dunha carta postal, potencialmente sólidas, con maior unidade nas súas formas, máis factíbeis de percibir, máis doadas na súa lectura, independentemente das súas múltiples interpretacións e presenzas. Son esas obras que evocan a liberación, metáfora da subsistencia, desa viaxe ao interior ou ao outro, cartas de comunicación, con títulos como *Sonho*, *Viagem*, *Memórias*... De novo topamos coa realidade do espectador, para o que estas pezas son sobres contendo cartas escritas dende o interior da noite con el como protagonista dunha

confesión, dunha obsesión. É o relato dunha historia feliz ou todo o contrario? Cartas que mandamos, cartas que recibimos... En realidade, Mónica créanos un espazo onde nos introducimos como lectores intrusos da intimidade ausente...

É por isto polo que o interlocutor desborda a obra de arte dos seus propios límites para convertela nunha experiencia estética persoal e única.


E para terminar a mostra, Mónica preséntanos un percorrido por cinco pezas con títulos como *Postal I*, *Nada para dizer*, *Confissões*..., con formato de carta, que conteñen un escrito que á súa vez contén un tránsito pola arquitectura conceptual do fogar.

De novo o símbolo dentro do símbolo, a idea dentro da idea, a escultura como diálogo. A

obra de arte non se codifica se non se incorpora necesariamente á experiencia do espectador. É importante para a obra contar coa vitalidade, a diversidade e a implicación do observador para a ensamblaxe metafórica da peza.

Nestas obras, Mónica Oliveira fomenta a imaxinación, a reflexión, e móstranos un achegamento poético ás emocións, aos sentimentos, á identidade inmersa na relación social á que se pertence, que nos define; ás ideas onde o simbólico, o imaxinario e o real se combinan até atopar unha xénese propia do obxecto escultórico.





*..Esperando..*, 2015  
Ferro pintado, resina  
34 x 29 x 6 cm cada peza

[NESTA PÁXINA, DEREITA]  
*Liberdade condicionada*, 2016  
Ferro pintado  
56 x 21 x 21 cm

[PÁXINA SEGUINTE, ESQUERDA]  
*Cruzamentos (im)prováveis*, 2016  
Ferro pintado  
56 x 21 x 21 cm  
Colección Alterarte, Campus de Ourense

[PÁXINA SEGUINTE, DEREITA]  
*Encruzilhadas*, 2016  
Ferro pintado  
56 x 21 x 21 cm









***Fuga***, 2016  
Ferro pintado, madeira, resina  
62 x 41 x 14 cm cada peza

[ESQUERDA]  
***Ecossistema***, 2017  
Ferro pintado  
1,27 x 30,5 x 30,5cm



**Sonho**, 2016  
Ferro pintado, resina  
40 x 34 x 9 cm  
[DETALLE EN PÁGINA SEGUINTE]

**Viagem**, 2016  
Ferro pintado, resina  
39 x 34 x 8 cm

**Segredo**, 2016  
Ferro pintado  
25,5 x 34 x 7 cm

**Desvendado**, 2016  
Ferro pintado  
39 x 34 x 5 cm

**Cheguei**, 2009  
Ferro pintado e resina  
30 x 35 x 4cm

**Memórias**, 2016  
Ferro pintado, resina  
39 x 29 x 8,5 cm

[PÁGINA SEGUINTE]  
**Chegando a casa**, 2014  
Ferro pintado  
1,50 x 30 x 25 cm



SONHO